

ABERTO O PRAZO DE SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA NO IES PEDRO FLORIANI- REDONDELA CURSO 2024-2025

Do 15 de xaneiro de 2024 ao 5 de febreiro de 2024 é a data de **reserva de praza** para o Instituto adscrito, que no noso centro é o **IES Pedro Floriani**.

Para facer a reserva cóntanse con varias posibilidades que son as seguintes:

- Cumprimentar a solicitude de xeito manual e entregala no centro de orixe (CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro) ou en calquera dos lugares que establece a *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común*. Non vos esquezades de asinala.

- Tamén é valido cubrila na aplicación da Xunta a través da seguinte ligazón <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>, imprimila e entregala no centro educativo de orixe (CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro) ou en calquera dos lugares que establece a *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común* co Código de Solicitude. Non vos esquezades de asinala.

- A última possibilidade é cubrir a solicitude na aplicación anterior, asinala na SEDE ELECTRÓNICA (necesítase a Chave365 ou certificado dixital) e presentala de forma telemática. Deste xeito non debedes entregar nada no centro educativo de orixe (CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro).

INFORMACIÓN IMPORTANTE: *O alumnado que non reserve praza no cento adscrito no prazo establecido, perderá os seus dereitos sobre a mesma. Aquel que teña intención de continuar os seus estudos noutro diferente ao IES Pedro Floriani, non pode facer reserva de praza. Deberán presentar a solicitude de admisión noutro centro cando se abra o prazo establecido para elo.*

Para calqueira dúbida poden chamar á secretaría no seu horario de atención ás familias.